

MONTEVIDEO IO de Setiembre de 1963

Dr. Luís TOBIO FERNANDEZ

Madrid

Meu estimado amigo:

Confirmando a miña carta anterior, data 6 do mes de abril, escribo a presente co máis profundo desexo de que se encontre disfrutando dunha perfecta saude en compañía da súa honorable dona e fillos. Por eiquí continuamos loitando con un que outro ataque de reuma, se ven non de tanta gravidade como no pasado ano.

Na carta anterior acusaballe recibo dos tres mil pesos que o Banco de Galicia me abonou na miña conta, cousa que xa fixera denantes de eu ter recibido a súa carta, xa que por mor de folga dos empregados do correo desta cidade a mesma me foi entregada con moito retardo.

Como vostede me anunciaba que me enviaria o saldo da conta para dentro de pouco, he polo que lle escribo a presente por si lle fose posible facelo, poi ando apertado de diñeiro xa que estou construíndo unha casaña nun terreo da miña propiedade, perto do Hipódromo de Maroñas, e quixera terminala pra poñela a venta. Pois o traballo anda moi escaso e non se ven posibilidades de que millore a situación. De non ser por necesidade xa vostede sabe que non lle poñería apuro ningún..

As cousas da colectividade transcurren máis ou menos como no pasado. No mes de xulio tiveron ~~un~~ celebracións as "Xornadas de Cultura Galega", con conferencias, aito ~~de~~ homaxe a procer da nacionalidade uruguaya, e findaron con un xantar en "Casa de Galicia" que resultou moi concubrido.

Por si non tivera coñecimento direille que findou na Cruña a nai do noso bon amigo Dr. Pedro Couceiro.

He sin outra cousa a decirlle reciba saudos da miña familia, Meilán, Crestar e Villaverde e unha aperta do sempre amigo

*Valero*

*Contexto 24 setbre  
anunciándolle que se deu  
orde o D. de G. pra pagar*